

O GALEGO MEDIO (IDADE MODERNA)

1.- Cal é a situación lingüística da Idade Moderna (galego medio) en Galicia como consecuencia da uniformidade política, administrativa e relixiosa imposta polos Reis Católicos nos reinos peninsulares? A única lingua oficial da administración é o castelán. Latín e castelán son as linguas de cultura. O uso do galego redúcese ao rexistro coloquial (usos orais, rexistros populares)

2.- Cal é lingua da maioría da poboación? A maioría fala só galego. A poboación está formada maioritariamente polas clases populares (rústicas e urbanas) e teñen como lingua o galego. O galego tamén é a lingua de parte da nobreza autóctona.

3.- Que séculos abarca o período do galego medio? Os séculos XVI, XVII, XVIII en que se castellanizan as clases altas, cultas, con responsabilidade na política, na igrexa, na xustiza, na milicia, na universidade... Son séculos escuros para a nosa lingua (**Desde o inicio do séc. XVI o galego desaparece dos usos formais**), mentres que para as letras castelás e portuguesas é unha época brillante (Renacemento, Barroco, as primeiras gramáticas, a imprenta...)

Os textos en galego non se imprimen... Desta época só se conservan algunhas mostras de poesía renacentista e barroca.

4 Cal se considera a primeira gramática do portugués? *A gramática da linguagem portuguesa* (1536), de Fernão de Oliveira

5 Cal se considera a primeira gramática dunha lingua europea moderna que se publicou? *Gramatica de la lengua castellana* (1492), de Antonio de Nebrija

6.- Por que se considera a igrexa responsable da desgaleguización desta época? Era a depositaria case exclusiva da cultura e da educación das clases instruídas.

7.- Cando aparece a diglosia? Comeza a ser evidente a partir da segunda metade do XVIII.

8.- Da man de quen aparece o cambio na consideración da lingua no século XVIII? Da man dos Ilustrados (P. Sarmiento, P. Feixoo, P. Sobreira, o cura de Fruíme) que pretenden mellorar o nivel educativo e cultural da poboación. Son conscientes do problema lingüístico e propoñen o ensino en galego, o ensino do galego, a doutrina en galego, o galego obrigatorio para o funcionariado que traballe en Galicia. Inician os estudos etimolóxicos e lexicográficos do galego.

9.- Cales son as características do galego medio? Ao non haber unha normativa estándar, nin gramática, nin o uso escrito da lingua, dialectalízase e ínase de vulgarismos e castelanismos.

